

O Papa Francisco nomea prelado do Opus Dei a Mons. Fernando Ocáriz

A última hora da tarde de onte, o Papa Francisco nomeou prelado do Opus Dei a Mons. Fernando Ocáriz Braña. O Santo Pai confirmou a elección realizada polo terceiro congreso electivo da prelatura no mesmo día.

24-01-2017

A última hora da tarde de onte, o Papa Francisco nomeou prelado do Opus Dei a Mons. Fernando Ocáriz Braña. O Santo Pai confirmou a elección realizada polo terceiro congreso electivo da prelatura no mesmo día.

Con este nomeamento, Mons. Fernando Ocáriz, que até o momento era vicario auxiliar do Opus Dei, convértese no terceiro sucesor de san Xosemaría á fronte da prelatura, tras o falecemento de Mons. Xavier Echevarría, o pasado 12 de decembro.

Mons. Fernando Ocáriz naceu en París, o 27 de outubro de 1944, fillo dunha familia española exiliada en Francia pola Guerra Civil (1936-1939). É o máis novo de oito irmáns.

É licenciado en Ciencias Físicas pola Universidade de Barcelona (1966) e en Teoloxía pola Pontificia

Universidade Lateranense (1969).
Obtivo o doutoramento en Teoloxía,
en 1971, na Universidade de
Navarra. Ese mesmo ano foi
ordenado sacerdote. Nos seus
primeiros anos como presbítero
dedicouse especialmente á pastoral
xuvenil e universitaria.

É consultor da Congregación para a
Doutrina da Fe desde 1986 e doutros
dous organismos da Curia romana:
Congregación para o Clero (2003) e
Pontificio Consello para a Promoción
da Nova Evangelización (2011). En
1989 ingresou na Pontificia
Academia Teolóxica. Na década do
oitenta, foi un dos profesores que
iniciaron a Universidade Pontificia
da Santa Cruz (Roma), onde foi
profesor ordinario (agora emérito)
de Teoloxía Fundamental.

Entre as súas publicacións teolóxicas
destacan libros sobre cristoloxía,
como *The mystery of Jesus Christ: a*

Christology and Soteriology textbook; Fillos de Deus en Cristo. Introducción a unha teoloxía da participación sobrenatural. Outros volumes tratan temas de índole teolóxica e filosófica como *Amar con obras: a Deus e aos homes; Natureza, graza e gloria*, con prefacio do cardeal Ratzinger. En 2013 publicouse un libro entrevista de Rafael Serrano baixo o título *Sobre Deus, a Igrexa e o mundo*. Entre as súas obras hai dous estudos de filosofía: *O marxismo: teoría e práctica dunha revolución; Voltaire: Tratado sobre a tolerancia*. Ademais, é coautor de numerosas monografías, e autor de numerosos artigos teolóxicos e filosóficos.

Desde 1994 é vicario xeneral do Opus Dei e en 2014 foi nomeado vigairo auxiliar da prelatura. Durante os últimos 22 anos acompañou ao anterior prelado, Mons. Xavier Echevarría, nas súas visitas pastorais a máis de 70 nacións. Nos anos 60,

sendo estudante de Teoloxía,
conviviu en Roma con san Xosemaría
Escrivá, fundador do Opus Dei.

Desde mozo é afeccionado ao tenis,
deporte que segue practicando.

Nos próximos días, o novo prelado
proporá aos congresistas os nomes
dos seus vigairos, así como o dos
demais novos membros dos consellos
que lle asistirán durante os próximos
8 anos.

.....

pdf | document generated
automatically from [https://opusdei.org/
gl-es/article/o-papa-francisco-nomea-
prelado-do-opus-dei-a-mons-fernando-
ocariz/](https://opusdei.org/gl-es/article/o-papa-francisco-nomea-prelado-do-opus-dei-a-mons-fernando-ocariz/) (20-03-2026)